


# Polideportivo

## Campionato Galego

### II Trofeo Cidade de Lugo Copa Promoción descentralizada

## 10 Bailes



Entrada xeral: 7€

Xubilados: 5 €

Menores de 10 anos: Gratis

## Domingo 22 de Decembro

### Pabellón Municipal de Deportes

#### NIHON TAJITSU

### XII edición Campionato de Nadal

O Concello de Cervo acollerá hoxe o XII Campionato de Nadal de Nihon Taijitsu nas modalidades de Kata Individual e Goshin Shobu (defensa persoal)

#### ATLETISMO

### Popular San Silvestre en Lugo

A cidade de Lugo acollerá o martes 31 de Decembro a celebración dunha nova edición da Carreira Popular San Silvestre, organizada polo Club Fluvial de Lugo

### Partidos destacados

**HOXE 16:15h.** FÚTBOL  
3ª DIVISIÓN, Polvorín - RC Villalbés

**HOXE 18:30h.** FÚTBOL BASE  
LIGA NACIONAL XUVENIL, CD Lugo B - RC Villalbés

**HOXE 20:00h.** FÚTBOL SALA  
2ª B DIVISIÓN MASCULINA, Prone Lugo - Valladolid

**HOXE 12:15h.** FÚTBOL BASE  
DIVISIÓN DE HONRA XUVENIL, CD Lugo - Calasanz

#### TORNEO DE REIS

### A Milagrosa pon en macha a XVIII edición

As xeracións participantes son a Prebenxamín, Benxamín e Alevín masculinas e, consolidando a competición feminina, as categorías Alevín e Infantil

## ATLETISMO



### 5 xaneiro CARREIRA POPULAR SOLIDARIA DE REIS EN BARREIROS

O 5 de xaneiro terá lugar a Carreira Popular Solidaria de Reis (7km) e a Andaina Solidaria (10km), ámbalas dúas organizadas pola área de Dinamización e Participación Veciñal do Concello de Barreiros, que este ano colle o relevo da organización dunha carreira que se iniciou fai xa 20 anos. "Queremos darlle un novo enfoque a esta mítica carreira, retomando na proba absoluta un dos circuitos que máis lle gusta ós/ás corredores/as, cunha distancia de 7 km e a creación da primeira andaina solidaria que compartirá parte do recorrido da carreira e contará cunhas vistas espectaculares na contorna da Lagoa dos patos e a Ría do Masma" indica o edil Dani García.

### Unha proba solidaria

Parte do recadado coas inscricións, tanto na carreira como na andaina, será doado a APNED (asociación de pais e nais de nenos con discapacidade da Mariña Lucense) con sede en Barreiros, e da cal forma parte Nico Veiga, que foi un dos precursores da carreira no ano 2000. "Decidimos darlle un novo impulso a esta proba mantendo as raíces e a súa razón de ser, unha proba para os verdadeiros/as reis e raíñas, os/as nenos/as, polo que colaboramos cunha asociación que traballa día a día con eles/elas e tamén é unha forma de agradecerlle ós precursores desta carreira, tanto Nico, Suso e os demais colaboradores que sempre fixeron desta data un referente polos seus valores" comenta Dani García, concelleiro de Dinamización e Participación Veciñal. O prazo de inscrición, que xa se atopa aberto, finaliza o 2 de xaneiro. As inscricións para as categorías menores será de balde e formalizarase dende a web [www.championchipnorte.com](http://www.championchipnorte.com). Para a inscrición da andaina existe tamén a posibilidade de facelo na Biblioteca Municipal ou no Concello.



### 31 Decembro SAN SILVESTRE

A cidade de Lugo acollerá o martes 31 de Decembro a celebración dunha nova edición da Carreira Popular San Silvestre. O evento, que reunirá un ano máis a centos de deportistas que despedirán o ano practicando o seu deporte favorito, comezará ás 16.45 horas e constará de tres categorías: benxamín-alevín, infantil-cadete e absoluta, esta última terá o circuito máis longo da carreira, 7,3 quilómetros. A saída e meta de todas as modalidades será no edificio principal do Club Fluvial. O prezo da inscrición ascenderá a 2 euros para todas as categorías, excepto para os participantes da carreira absoluta, que deberán abonar 7 euros (ata o 24 de Decembro) e 10 euros a partir do 25 de Decembro.

## VOLEIBOL



### COMPETICIÓNS

| CAT.        | LOCAL         | VISITANTE | LUGAR         | DATA        |
|-------------|---------------|-----------|---------------|-------------|
| Superliga 1 | Unicaja       | CV Emevé  | Moisés Ruiz   | Hoxe 18:00h |
| Superliga 2 | Zalaeta       | CV Emevé  | B. das Flores | Hoxe 19:00h |
| 1ª Gal. M   | Calasancias   | CV Emevé  | A Coruña      | Mañá 10:00h |
| 1ª Gal. F   | Cambados      | Korbis    | Cambados      | Hoxe 13:00h |
| 2ª Gal. F   | Calasancias   | CV Emevé  | A Coruña      | Mañá 12:00h |
| 1ª Xuv. F   | Ribeira Sacra | Boiro     | A Pinguela    | Mañá 10:00h |
| 1ª Xuv. M   | S. Sadurniño  | Korbis    | S. Sadurniño  | Hoxe 10:00h |
| 1ª Xuv. M   | Calasancias   | CV Emevé  | A Coruña      | Mañá 12:00h |
| 1ª Cad. F   | Cambados      | Korbis    | Cambados      | Hoxe 11:30h |
| 1ª Cad. F   | Ribeira Sacra | Boiro     | A Pinguela    | Mañá 12:00h |
| 1ª Cad. M   | S. Sadurniño  | Korbis    | S. Sadurniño  | Hoxe 11:30h |
| 1ª Cad. M   | Calasancias   | CV Emevé  | A Coruña      | Mañá 10:00h |
| 2ª Cad. F   | Ribeira Sacra | Boiro     | A Pinguela    | Mañá 12:00h |
| 1ª Inf. F   | Aceites Abril | Korbis    | Ourense       | Hoxe 20:00h |
| 1ª Inf. F   | Ribeira Sacra | Boiro     | A Pinguela    | Mañá 10:00h |
| 1ª Inf. M   | S. Sadurniño  | Korbis    | S. Sadurniño  | Hoxe 10:00h |

## BALONCESTO

### COMPETICIÓNS

| CAT.         | LOCAL       | VISITANTE     | LUGAR     | DATA        |
|--------------|-------------|---------------|-----------|-------------|
| Liga LEB Oro | Bregogán    | Leyma Coruña  | Pazo      | Hoxe 19:00h |
| Liga Día     | Bembibre    | Ensino        | Bembibre  | Hoxe 19:00h |
| Liga EBA     | Chantada    | U. la Antigua | Chantada  | Hoxe 18:30h |
| Liga EBA     | Carbajosa   | Estudiantes   | Salamanca | Hoxe 20:00h |
| 1ª Júnior M. | Ensino      | Salesianos    | Anexo     | Hoxe 18:00h |
| 1ª Júnior M. | Estudiantes | B. Ferrol     | Anexo     | Hoxe 12:00h |
| 1ª Júnior F. | Estudiantes | C. Mariano    | Anexo     | Hoxe 18:00h |
| 1ª Júnior F. | Ensino      | Peleteiro     | Anexo     | Mañá 17:00h |

## TENIS MESA

### COMPETICIÓNS

| CAT.          | LOCAL         | VISITANTE     | LUGAR      | DATA        |
|---------------|---------------|---------------|------------|-------------|
| 1ª Div. Nac.  | Monteporreiro | CTM Milagrosa | Pontevedra | Mañá 11:00h |
| 2ª Div. Nac.  | CD Dez Portas | Oroso         | Frigsa     | Hoxe 17:00h |
| 2ª Div. Nac.  | Cambados      | CTM Milagrosa | Cambados   | Hoxe 17:00h |
| 3ª Nacional   | CD Dez Portas | Club del Mar  | Frigsa     | Hoxe 17:00h |
| 3ª Nacional   | AD Zas        | TM Ribadeo A  | Zas        | Hoxe 17:00h |
| 1ª Div. Masc. | Vilalba       | San Xoán TM   | Vilalba    | Hoxe 17:00h |
| 1ª Div. Masc. | CTM Milagrosa | Narón         | Frigsa     | Mañá 11:00h |
| 1ª Div. Masc. | Pena Lopesa   | CD Dez Portas | Narón      | Mañá 11:00h |

## BALONMÁN

### COMPETICIÓNS

| CAT.           | LOCAL     | VISITANTE  | LUGAR     | DATA        |
|----------------|-----------|------------|-----------|-------------|
| Territorial M. | Culleredo | CB Viveiro | Culleredo | Hoxe 18:30h |
| 2ª Xuv. M.     | EP Poio   | BM Lucus   | Poio      | Hoxe 10:30h |
| 2ª Cad. M. 1   | EP Poio   | BM Lucus   | Poio      | Hoxe 12:00h |

## RUGBY

### Hoxe, Ferrol LIGA GALEGA SUB 14

O Muralla Rugby Sub 14 desprázase a Ferrol para medirse co conxunto departamental a partir das 14:00 horas no Estadio da Malata.

## FÚTBOL SALA

### COMPETICIÓNS

| CAT.          | LOCAL        | VISITANTE      | LUGAR      | DATA        |
|---------------|--------------|----------------|------------|-------------|
| 1ª Div. F.    | Bilbo FS     | Burela FS      | Bilbao     | Mañá 12:00h |
| 2ª Div. B. M. | Unión Arroyo | Xove           | Valladolid | Hoxe 18:00h |
| 2ª Div. B. M. | Sala Ourense | Ribeira        | Ourense    | Mañá 12:00h |
| 2ª Div. B. M. | Prone Lugo   | Valladolid     | Municipal  | Hoxe 20:00h |
| 3ª Nacional   | Lugo Sala    | Outeiro de Rei | Municipal  | Hoxe 17:00h |
| 3ª Nacional   | Stellae      | Vilalba        | Santiago   | Hoxe 17:00h |
| 3ª Nacional   | Bañña        | Barreiros      | Baiona     | Hoxe 18:00h |



### 28 decembro, Lugo III TORNEO DE NADAL CIDADE DE LUGO

A menos xa dun mes de que se celebre a terceira edición do Torneo de Nadal, a fase autonómica do mesmo, que terá lugar o sábado 28 e domingo 29 de decembro, xa conta co 100% das prazas cubertas. Como sucedeu desde a primeira edición, este campionato ten unha gran repercusión na comunidade e unha vez máis diversos equipos quedarán fóra da competición ao alcanzarse rapidamente o número máximo de prazas que pode albergar o torneo.

Doutra banda, a fase nacional entrará en competición do 2 ao 4 de xaneiro do novo ano. Esta estará composta polos equipos que se clasifican da fase autonómica máis os invitados pola organización, chegando desde diversos puntos da xeografía española. A inscrición da mesma avanza a bo ritmo e próximamente daranse a coñecer todos os equipos que formarán parte desta nova edición do torneo.

Para dar un paso máis na organización deste III Torneo de Nadal de fútbol sala de base a organización habilitou unha web exclusiva para o campionato, na cal poderán consultar os equipos participantes e calendarios de competición e, unha vez chegue o momento de que comece a rodar o balón, todos os resultados e clasificacións.

# NIHON TAIJITSU



## Hoxe, Cervo XII CAMPIONATO DE NADAL

O Concello de Cervo acollerá hoxe o XII Campionato de Nadal de Nihon Taijitsu nas modalidades de Kata Individual e Goshin Shobu (defensa persoal). O evento foi presentado polo edil de Deportes, David Rodríguez, e polo presidente da Escola de Artes Marciais de Cervo e director do departamento de Taijitsu da Federación Galega de Kárate, Miguel Ángel Rojo. O escenario da competición, que comezará ás 17:00 horas, será o Pavillón da Veiga de San Cibrao, Estímase que serán medio cento os participantes, entre nenos e adultos, que participarán na competición, dos cales o 60 % serán representantes da Mariña. Haberá medallas para todas as persoas participantes, e trofeos para os tres mellores de cada unha das 8 categorías.

# XUENLUGO



## Ata o 7 xaneiro ROCÓDROMO

Ata o 7 de xaneiro, a Deputación e o Concello de Lugo colaboran coa organización de XuenuLugo, unha cita de lecer familiar que vai xa pola súa vixesimosegunda edición.

O salón de actos da Deputación acolleu a presentación da programación deste ano. Un acto no que participaron a Vicepresidenta da Deputación, Maite Ferreiro, a Deputada de Mocidade, Mónica Freire, e o Xerente do Pazo de Feiras e Congressos, Rubén López.

A Vicepresidenta explicou que "as 22.000 persoas que se achegaron o ano pasado a XuenuLugo demostran que é unha alternativa de ocio con gran acollida entre as familias, que permite que os nenos e rapaces desde 0 a 14 anos poidan disfrutar de moitas actividades nun só espazo".

Este ano ademais de contar con novas propostas nas actividades habituais, como as atraccións, os inchábeis, a ludoteca, os recreativos e videoxogos etc. únese a posibilidade para os visitantes de facer dúas subidas, supervisadas, no Rocódromo do Pazo, "co que poderán experimentar o deporte da escalada nunhas instalacións de primeiro nivel". Esta actividade terá un custo adicional de 2 €.

A entrada xenérica de XuenuLugo será de 6 euros. Poderase sacar un bono grupal de 50 euros para 10 persoas que terá validez para un só día. Haberá un prezo especial da entrada a 4,5 euros para Concellos, colexios e asociacións, mediante reserva anticipada e para un mínimo de 15 persoas. Ademais do rocódromo outras actividades tamén terán un custo adicional: o acceso á pista de minigolf, o touro mecánico ou á pista de slot.

# FÚTBOL

## Hoxe, 16:15 horas, A Cheda TERCEIRA DIVISIÓN

Polvorín e Rácing Villalbés disputan o primeiro e único derbi entre equipos lucense na Terceira División. Os chaireiros chegan á Cheda por riba na clasificación, polo que os de Simón Lamas parten como favoritos ante un conxunto capitalino que necesita os puntos para chegar nunha situación tranquila ao parón do Nadal.



### COMPETICIÓN FÚTBOL

| CAT.          | LOCAL          | VISITANTE    | LUGAR        | DATA        |
|---------------|----------------|--------------|--------------|-------------|
| 2ª División   | Málaga         | CD Lugo      | La Rosaleda  | Hoxe 16:00h |
| 3ª División   | Polvorín       | RC Villalbés | A Cheda      | Hoxe 16:15h |
| Preferente    | Xallas         | Sarriana     | A Fontenla   | Mañá 17:30h |
| Preferente    | Lemos          | Foz          | A Pinguela   | Mañá 16:00h |
| Preferente    | Boiro          | Residencia   | Barraña      | Mañá 17:00h |
| Preferente    | Ribadeo        | Viveiro      | Pepe Barrera | Mañá 16:00h |
| 1ª Autonómica | Escairón       | Lourenzá     | O Saviñao    | Mañá 16:15h |
| 1ª Autonómica | Santaballés    | Riotorto     | A Liga       | Mañá 16:00h |
| 1ª Autonómica | Xove Lago      | Taboada      | Municipal    | Mañá 16:30h |
| 1ª Autonómica | Burela         | Friol A      | A Marosa     | Mañá 16:00h |
| 1ª Autonómica | Chantada       | Castro       | Sangoñedo    | Mañá 16:15h |
| 1ª Autonómica | Outeiro de Rei | Chantada     | Municipal    | Mañá 16:00h |
| 1ª Autonómica | Folgueiro      | Monterroso A | Boa Vista    | Hoxe 16:00h |
| 1ª Autonómica | Pastoricense   | SD Pol       | O Acebreiro  | Mañá 16:00h |
| 1ª Autonómica | Guntín         | San Roque    | Ladairo      | Mañá 16:00h |
| Copa 2ª/3ª    | SD Viveiro     | Goiriz       | MarcosGómez  | Mañá 17:30h |
| Copa 2ª/3ª    | Muimenta       | Routar       | Do Picón     | Mañá 16:00h |
| Copa 2ª/3ª    | Cabreiros      | Guitiriz     | Da Cea       | Mañá 16:00h |
| Copa 2ª/3ª    | Abadín         | Xermade      | Municipal    | Mañá 16:00h |
| Copa 2ª/3ª    | Milagrosa      | Santa Comba  | L. Gorgoso   | Mañá 17:00h |
| Copa 2ª/3ª    | Sober          | San Lázaro   | Centeas      | Mañá 16:00h |
| Copa 2ª/3ª    | Becerreá       | Palas        | Municipal    | Hoxe 17:00h |

### FÚTBOL VETERANOS

| CAT.          | LOCAL          | VISITANTE   | LUGAR          | DATA        |
|---------------|----------------|-------------|----------------|-------------|
| DH Local      | PV Montajes    | Albeiros    | R. Lago        | Mañá 12:00h |
| DH Local      | San Roque      | Milagrosa   | R. Lago        | Mañá 10:00h |
| DH Local      | Residencia     | O Picato    | A Cheda        | Mañá 12:00h |
| DH Local      | Outeiro de Rei | Garabolos   | A Fonte        | Mañá 17:00h |
| DH Local      | Peñarol        | Corgo       | R. Lago        | Mañá 12:00h |
| DH Local      | R. Frain       | Bretaña     | A Cheda        | Mañá 10:00h |
| DH Local      | Ferrovíaria    | As Gándaras | R. Lago        | Mañá 10:00h |
| DH Local      | Comercial      | AD Agor     | Os Chacotes    | Mañá 11:00h |
| DH Provincial | Monterroso     | Guntín      | Cerdeiriño     | Hoxe 19:00h |
| DH Provincial | Pastoricense   | SD Pol      | O Acebreiro    | Mañá 12:00h |
| DH Provincial | Becerreá       | Atl. Illán  | Municipal      | Mañá 11:30h |
| DH Provincial | Sarria         | Friol       | A Ribela       | Hoxe 17:00h |
| DH Provincial | Parga          | Sarriana    | Noreña Basanta | Mañá 11:30h |
| DH Provincial | Trasnos        | A Cnateira  | A Ribela       | Mañá 12:00h |
| DH Provincial | Castro         | Abadínense  | Arturo Pereiro | Hoxe 16:00h |
| DH Provincial | Gaioso         | Taboada     | O Penedo       | Hoxe 18:30h |
| 1ª Provincial | Cospito        | Saavedra    | A Fonte        | Mañá 10:30h |
| 1ª Provincial | Codedido       | Sancobade   | Casanova       | Mañá 11:30h |
| 1ª Provincial | Rábade         | Albense     | A Fonte        | Hoxe 16:00h |
| 1ª Provincial | Lambruxos      | Pontenova   | A Ribela       | Hoxe 19:00h |
| 1ª Provincial | Palas          | Rabadense   | Os Chacotes    | Hoxe 16:15h |
| 1ª Provincial | Montouto       | Terra chá   | A Magdalena    | Hoxe 19:30h |
| 1ª Provincial | Begonte        | Momán       | Pacios         | Hoxe 18:30h |

# FÚTBOL BASE

## Hoxe, 18:15, A Cheda LIGA NACIONAL XUVENIL

Tralo derbi de Terceira División, Lugo B e Rácing Villalbés vense as caras na categoría de prata do fútbol base xuvenil. Ambos chegan á cita tras perder na pasada xornada, os capitalinos dende a zona media alta da táboa e os chaireiros moito máis necesitados de puntos ao estar en postos de descenso.



### COMPETICIÓN FÚTBOL

| CAT.            | LOCAL          | VISITANTE    | LUGAR        | DATA        |
|-----------------|----------------|--------------|--------------|-------------|
| DH Xuvenil      | CD Lugo        | Calasanz     | A Cheda      | Hoxe 12:15h |
| N. Xuvenil      | CD Lugo B      | RC Villalbés | A Cheda      | Hoxe 18:15h |
| Galega Xuvenil  | Boiro          | Residencia A | Vista Alegre | Hoxe 18:15h |
| Galega Xuvenil  | RC Villalbés B | Conxo B      | Roca         | Mañá 12:00h |
| Galega Xuvenil  | Viveiro        | Estrada      | Marcos Gómez | Hoxe 16:30h |
| Honra Cadete    | CD Lugo        | San Tirso    | A Cheda      | Hoxe 10:30h |
| Galega Cadete   | Boiro          | Milagrosa    | Valiño       | Hoxe 16:00h |
| Galega Cadete   | RC Villalbés   | Conxo B      | Roca         | Hoxe 11:30h |
| Galega Cadete   | Viveiro        | Estrada      | Marcos Gómez | Hoxe 11:30h |
| Galega Cadete   | Calasanz B     | CD Lugo B    | Leyma        | Mañá 12:15h |
| Galega Infantil | Viveiro A      | Victoria     | Marcos Gómez | Mañá 11:00h |
| Galega Infantil | Bergantiños    | CD Lugo      | As Eiroas    | Hoxe 16:30h |

### FÚTBOL BASE PROVINCIAL

| CAT.          | LOCAL          | VISITANTE    | LUGAR          | DATA        |
|---------------|----------------|--------------|----------------|-------------|
| Cadete Norte  | RC Villalbés B | Viveiro      | A Magdalena    | Mañá 12:00h |
| Cadete Norte  | Ribadeo        | Foz          | A Devesa       | Hoxe 16:00h |
| Cadete Norte  | Burela         | Lourenzá     | A Marosa       | Mañá 12:00h |
| Cadete Centro | Casás          | Ferrovíaria  | R. Lago        | Hoxe 10:00h |
| Cadete Centro | Castro         | Piringalla A | Arturo Pereiro | Hoxe 12:30h |
| Cadete Sur    | Residencia A   | Becerreá     | A Cheda        | Hoxe 19:45h |
| Cadete Sur    | Polvorín B     | Monterroso   | O Polvorín     | Hoxe 12:00h |
| Cadete Sur    | Piringalla B   | Sarriana     | R. Lago        | Hoxe 12:00h |

### FÚTBOL OITO BASE PROVINCIAL

| CAT.          | LOCAL          | VISITANTE     | LUGAR        | DATA        |
|---------------|----------------|---------------|--------------|-------------|
| Benx. Sur     | Piringalla A   | Milagrosa A   | R. Lago      | Hoxe 11:00h |
| Prebenx Norte | Burela B       | Stgo de Foz   | A Marosa     | Hoxe 12:00h |
| Prebenx Norte | RC Villalbés B | Ribadeo A     | A Magdalena  | Hoxe 16:30h |
| Prebenx Norte | RC Villalbés A | Burela A      | A Magdalena  | Hoxe 11:45h |
| Prebenx Sur B | Milagrosa B    | Ferrovíaria B | Luis Gorgoso | Mañá 12:00h |

## 3, 3, 4 de xaneiro TORNEO REIS SDC FEMININO

Nada máis arrincar o 2020 todos os amantes do deporte, e especialmente da base, poderán gozar dos partidos máis emocionantes de fútbol 8. Nesta nova edición as categorías participantes seguirán sendo a Pre-benxamín -que realizará a fase de grupos o día 2 de xaneiro- Benxamín e Alevío o 3 e 4 de xaneiro- e, consolidando a competición feminina, as categorías Alevío e Infantil xa creadas en edicións anteriores, que xogarán o día 4 de xaneiro. Salvo os prebenxamíns, todas realizarán a súa fase de grupos o día 3 e a mañá do 4, deixando para a tarde as fases finais.

Polo tanto, as tres xornadas de competición serán en formato de mañá e tarde na instalación municipal de Luis López Gorgoso, Frigsa. Na categoría Prebenxamín participarán un mínimo de 8 equipos e un máximo de 32, asegurándose un mínimo de 2 partidos e un máximo de 6.

Nas categorías Benxamín e Alevío participarán un mínimo de 8 equipos e un máximo de 28 equipos, asegurándose un mínimo de 2 partidos e un máximo de 6.

# BALONCESTO

**A DEPUTACIÓN DE LUGO E O CB BREOGÁN** retoman os partidos solidarios visibilizando a diabetes durante o derbi que medirá aos lucenses con Basquet Coruña esta tarde, a partir das 19:00 horas no Pazo dos Deportes



O Club Baloncesto Breogán e a Área de Deportes da Deputación de Lugo retoman os partidos solidarios. Este encontro é posíbel grazas ao contrato de patrocinio asinado entre o club celeste e a Área de Deportes da Deputación de Lugo, que promove o labor social do deporte unha tempada máis da man do club capitalino con diferentes actividades.

O partido que se disputa hoxe a partir das 19:00 horas no Pazo Provincial dos Deportes, que enfrontará ao Club Baloncesto Breogán e ao Club Basquet Coruña, será o primeiro partido solidario da presente temporada, nesta ocasión dedicado a Asociación de Diabéticos Lucenses (ADIL). Así o anunciaron o pasado xoves o Deputado de Deportes, Efrén Castro, o Presidente de ADIL, Víctor Herrán Carreira, e o Director Xeral do CB Breogán, Tito Díaz.

Este partido será unha realidade grazas ao contrato de patrocinio asinado entre o CB Breogán e a Área de Deportes da Deputación de Lugo, que promove o labor social do deporte, apoiando Asociacións e colectivos, fomentando hábitos de vida saudábeis, loitando contra os estigmas e dando a coñecer as problemáticas asociadas a moitas doenzas.

Efrén Castro, Deputado Provincial de Deportes, destacou que "para a Deputación de Lugo é un

**“PARA A DEPUTACIÓN DE LUGO É UN ORGULLO ORGANIZAR ESTE TIPO DE INICIATIVAS, SEMPRE DA MAN DO CB BREOGÁN, QUE A NINGUÉN SE LLE ESCAPA A IMPORTANCIA QUE TEN COMO ALTOFALANTE NA CIDADE E NA PROVINCIA DE LUGO”** EFRÉN CASTRO, Deputado Provincial

orgullo organizar este tipo de iniciativas, sempre da man do Breogán, que a ninguén se lle escapa a importancia que ten como altofalante na cidade e na Provincia”

A diabetes é unha enfermidade que afecta a preto de 2.000 lucenses, unha cifra que aumenta cada ano por culpa do envellecemento da poboación e tamén polo sedentarismo.

A Asociación de Diabéticos Lucenses leva traballando na provincia de Lugo desde hai case 20 anos, o seu labor máis importante é o de concienciación da poboación, dando a coñecer a enfermidade en numerosos talleres, charlas e conferencias, pois moitas das persoas que a padecen non son conscientes de sufrir esta enfermidade.

No plano meramente deportivo, o Club Baloncesto Breogán volve a verse as caras co Basquet Coru-

ña nun novo derbi galego. Os lucenses agardan mantela boa xeira de resultados no Pazo e volver á senda da vitoria trala última derrota en Mallorca.

